

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CABANA DE BERGANTIÑOS

Oferta de emprego público 2024
2024/E003/000001

ANUNCIO OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

Por decreto nº 631 de data 20 de novembro de 2024, aprobouse a Oferta de Emprego Público de 2024 correspondente á praza que a continuación se indica:

FUNCIONARIO DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO	SUBESCALA	NIVEL CD
Técnico de Administración Xeral	1	A1	Técnica	26

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de a Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica (20/11/2024)

O alcalde,

José Muíño Domínguez.

2024/8317